



In memóriam

Manolo Sordo del Villar (León 1941-2023 Vigo)

Francisco Díaz-Fierros Viqueira¹

Non est hic. surrexit.
Testemuñas

O sabor doce e aromático ficaba nas nosas bocas. A pouca xente que iamos á misa de luns a venres saíamos con mal sabor cando oficiaba Manolo Sordo: compartía connosco o viño da eucaristía. Compartía a palabra. Compartíao todo. Soamente unha lei do goberno puido acabar con tan bo e fermoso costume. Unha lei ditada para paliar a COVID. Agora estraño o seu sabor doce e aromático. O viño tamén.

Manolo era un corazón que se daba a mans cheas. (Testemuña)

Coñecín a Manolo cando chamou á porta da miña casa poucos días antes de bautizar a nosa primeira filla. Exercía como párroco do Cristo da Vitoria en Coia, Vigo. Co cargo tomou ese costume: ir ver as familias novas e os seus fogares.

Cando Manolo oficiaba o bautismo, máis que bautizar bebés parecía bautizar os pais, nais, padriños e madriñas. (Testemuña)

No ano 1991 bautizou a miña terceira filla. Escollemos a misa das 13 horas porque era en galego. Oficiou Manolo Sordo. En galego. As últimas verbas que díxo a modo de despedida marcaron a miña vida. Convidou a quen alí estaba a comprometerse coa defensa da lingua

¹ Roxelio Álvarez Rodríguez é Graduado Social (xubilado), cristián de base da parroquia Cristo da Vitoria (Vigo) e autor da novela *Teófilo e o sendeiro da Historia*.



galega e a traballar pola nosa terra. Dende aquel día falo galego. Dende aquel día milito en política para defender terra e lingua. Eu, daquela, non sabía que Manolo non era galego de berce. Máis tarde souben, e sei, que o era de corazón. Un corazón guiado polo cariño a todo o que o rodeaba: xente e terra.

Non o coñecín moito pero chamábame a atención que sen ser galego de nacemento tivera tanta sensibilidade cara ao noso pobo, á nosa fala e ao noso xeito de ser. (Testemuña)

O 1.º de Maio púñase á fronte das xentes da parroquia que acudían ás manifestacións. Nas manifestacións contra as edificacións e si para un parque no barrio, o da Bouza, collía a pancarta. E acudía a Santiago de Compostela para buscar a forma de facer unha igrexa galega e de base. Terra e xente. Alma galega.

Coa chegada de Manolo a Coia moitos aprendemos que para ter melloras sociais tiñamos que loitar na rúa. Ser solidarios entre nós, crentes ou non. Chegou cunha igrexa diferente. (Testemuña)

Cariño e tenrura. «Veña a min quen está con cansazo por levar cargas pesadas, eu dareilles descanso. Póñanse o meu xugo. Déixenme ensinalas porque eu son humilde e tenro de corazón, e atoparán descanso para a alma. Porque o meu xugo e doado de levar e a carga que vos dou é livián» (Xesús de Nazaré). «As grandes dificultades son máis lixeiras cando abonda a boa vontade. Se impera a tenrura gañamos todos e todas» (N. de Maquiavelo). «Na arte como no amor a tenrura é o que dá máis forza (Oscar Wilde). «Debemos combinar a dureza da serpe coa suavidade da pomba, unha mente dura cun corazón tenro» (M. Luther King Jr.) «O amor é un acto de perdón interminable, unha ollada tenra que se converte en hábito» (P. Ustinov).

Sabía facer sinxelas as cousas importantes. Facía aflorar o mellor de nós. Camiñaba ao noso carón celebrando cada pequena alegría. (Testemuña)

Coido que a Manolo lle bastou con ler a Xesús de Nazaré para entender o que para tantos e tantas necesitamos buscar máis mes-

tres. Ou mesmo como diría Santiago Carrillo: «Noutros tempos considerei a tenrura como unha debilidade da que debía protexerme».

Unha persoa moi preto da xente. Disposto a escoitar; non ollaba o reloxo. Un santo. (Testemuña)

Eu petaba na súa porta. «É a graza divina», respondíame Manolo cando lle preguntaba por que para unha xente é doado o que para outra é custoso. «É fe». «Crer que é posible». Era eu petando na súa calma. Chamando na serenidade de quen atende aos detalles. De quen coñece a xente.

Tiña un humor sen estridencias. Nas excursións as mulleres pasábamolo moi ben con el. Ao igual que nas andainas. Moita sabedoría había nel. (Testemuña)

Non o coñecín nos seus anos mozos. É de supoñer que chegada a noite tería os seus pensamentos sobre como foi o día. Como será o de mañá. Como será o futuro. Penas e ledicias. E petos para levalas. Como todos e todas.

Un home grande pero humilde; silencioso. Soubo construír comunidade dende a base. (Testemuña)

Tiña elixida a oración para o pasamento. «Cando me necesitedes, chamarme. Eu virei onda vós». Así rezaba o final da oración. Mais non é preciso chamalo. *Non est hic. Surrexit*. Basta con falar con quen o coñeceu un pouco.

Amable, atento. Un ser espiritual. (Testemuña)

Non est hic. Surrexit, reza o final da cripta onde está o nicho no que o seu corpo descansa.

Douvos a miña paz, déixovos a miña paz fanse realidade en Manolo. (Testemuña)

Grazas. Sabemos onde atoparte, irmán Manuel.

Roxelio Álvarez Rodríguez
Testemuña, tamén